



Proxecto do real decreto polo que se aproba o convenio entre a Administración General del Estado, a Axencia Galega de Infraestruturas, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, Sociedad Anónima Unipersonal para a construción dun novo enlace na autoestrada AP-9 de acceso a Santiago de Compostela e ao complexo da Cidade da Cultura.

Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, S.A.U. ostenta a titularidade da concesión administrativa para a construción, conservación e explotación da Autoestrada do Atlántico AP-9, segundo o Decreto 1955/1973 de 17 de agosto. A autoestrada AP-9 pertence á Rede de Estradas do Estado.

A Xunta de Galicia ten interese na construción dun novo enlace no entorno do punto quilométrico 70 da autoestrada AP-9 que permita o acceso desde esta infraestrutura cara Santiago de Compostela e especificamente cara o complexo denominado “Cidade da Cultura”.

A Administración General del Estado considera que a execución do enlace que se pretende é de utilidade pública, dado que virá a mellorar a accesibilidade territorial na zona.

A sociedade concesionaria da autoestrada AP-9 mostrou a súa conformidade coa execución das obras do novo enlace.

Este real decreto aprobase ao amparo del artigo 25 da Lei 8/1972, de 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión. Así mesmo tense por ratificada a autorización provisional para a sinatura do convenio.

Na súa virtude, a proposta do Ministerio de Justicia, por suplencia do Ministerio de Fomento en virtude do Real Decreto 298/2016, do 18 de xullo, coa conformidade da sociedade concesionaria, de acordo co Consejo de Estado e previa deliberación do Consejo de Ministros na súa reunión do día 23 de setembro de 2016,

DISPOÑO:

Artigo 1. Aprobación do convenio.

Apróbase o convenio que se recolle no anexo, para a construción dun novo enlace na autoestrada AP-9, Ferrol-Frontera portuguesa, no entorno do punto quilométrico 70, de acceso a Santiago de Compostela e ao complexo da Cidade da Cultura.



Artigo 2. Réxime xurídico da concesión.

O réxime xurídico da concesión da que é titular “Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, S.A.U.” será o vixente, coas modificacións que se conteñen neste real decreto e no convenio que se aproba.

Disposición final única. Eficacia

O presente real decreto producirá efectos desde a súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Dado en Madrid, o 23 de setembro de 2016

FELIPE R.

O Ministro de Fomento,

Por suplencia (Real Decreto 298/2016, de 18 de xullo), o Ministro de Justicia

RAFAEL CATALÁ POLO



ANEXO

Convenio entre a Administración General del Estado, a Axencia Galega de Infraestruturas, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, Sociedad Anónima Unipersonal para a construción dun novo enlace na autoestrada AP-9 de acceso a Santiago de Compostela e ao complexo da Cidade da Cultura.

En Madrid, de do ano dous mil dezaseis

REUNIDOS

Dunha parte, don Rafael Catalá Polo, Ministro de Justicia, por suplencia do Ministro de Fomento en virtude do Real Decreto 298/2016, de 18 de julio, actuando en representación da Administración General del Estado.

Doutra, Ethel M^a Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa presidencia; e Presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2 a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, pola que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra, Beatriz González Loroño, directora-xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Patronato da Fundación Cidade da Cultura de Galicia o 8 de outubro de 2010, poder escriturado ante notario do Ilustre Colexio de Galicia Héctor Ramiro Pardo García, con número de Protocolo 1989.

E de outra, Juan Carlos López Verdejo, presidente do Consello de Administración Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, S.A.U., actuando en nome representación da mesma, en virtude do acordo adoptado polo seu Consello de Administración na súa reunión celebrada o día.....

As partes declaran posuír e recoñécense reciprocamente a capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio ao amparo do artigo 25 da Lei 8/1972, de 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, e das cláusulas 103 e concordantes do prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, aprobado polo Decreto 215/1973, de 25 de xaneiro.



MANIFIESTAN

Primeiro.- Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, S.A.U. (en adiante, Autopistas del Atlántico) ostenta a titularidade da concesión administrativa para a construción, conservación e explotación da Autoestrada do Atlántico AP-9, estrada que pertence á Rede de Estradas do Estado.

Segundo.- A Xunta de Galicia pretende a construción, no punto quilométrico 70 da autoestrada AP-9, dun novo acceso a Santiago de Compostela e ao complexo da Cidade da Cultura.

Terceiro.- O Ministerio de Fomento está interesado na proposta ao mellorarse a accesibilidade local.

Cuarto.- Actualmente, Autopistas del Atlántico está executando as obras definidas, entre outros, no proxecto titulado “Ampliación da capacidade da autoestrada AP-9. Tramo: Santiago norte-Santiago sur. Clave: 98-LC-9904” a que se refire o convenio aprobado por Real Decreto 1733/2011, de 18 de novembro, como actuación para garantir a mellor funcionalidade da autoestrada e, en particular, en dito tramo serve tamén de circunvalación da cidade de Santiago de Compostela con tránsito libre de peaxe para os percorridos internos, conforme ao establecido no Real Decreto 399/1985, de 6 de marzo.

Quinto.- O Ministerio de Fomento incluíu nos Presupuestos Generales del Estado para 2015 a obra do novo enlace baixo a denominación AP-9. Acceso á Cidade da Cultura (proxecto 2015 17 38 3634).

Sexto.- A Xunta de Galicia redactou o proxecto de construción da actuación titulado “Novo enlace no P.Q. 70+000 coa cidade de Santiago de Compostela”, que remitido ao Ministerio de Fomento este clasificou como “Novo Enlace no p.k. 70 da AP-9. Enlace de conexión co complexo Cidade da Cultura e coa cidade de Santiago de Compostela”.

Sétimo.- Polo anterior, as partes, ao amparo do establecido no artigo 25 da Lei 8/1972, de 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, formalizan o presente convenio a tenor das seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- Construción do novo enlace no P.K. 70 da autoestrada AP-9, Ferrol-Frontera portuguesa

O Ministerio de Fomento executará un novo enlace no entorno do punto quilométrico 70 da autoestrada AP-9, Ferrol-Frontera portuguesa, para a conexión de dita autoestrada coa cidade de Santiago de Compostela e o complexo denominado Cidade da Cultura.

Para o financiamento de dita actuación dispónse dun importe máximo de 4.200.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 17.38.453C.611 nos Presupuestos Generales del Estado, distribuído nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2017: 1.500.000 euros.
- Anualidade 2018: 1.500.000 euros.
- Anualidade 2019: 1.200.000 euros.

Así mesmo, o Ministerio de Fomento comunicará, con suficiente antelación, ás demais partes asinantes do convenio, a data de recepción das obras, para a asistencia dun representante daquelas, se o considerasen oportuno.

A Axencia Galega de Infraestruturas porá a disposición do Ministerio de Fomento os terreos necesarios para a execución das obras do novo enlace. Para iso, someterá a información pública o proxecto a efectos expropiatorios, de acordo coa normativa de expropiación forzosa, e expropiará os terreos adicionais que sexan necesarios para a execución da obra, con cargo á aplicación orzamentaria 08.A1.512B.600.3, código de proxecto 2012 00012, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas para os anos 2016, 2017 e 2018, por importe de 307.246,29 €, co seguinte reparto:

- Ano 2016: 43.621,69 euros.
- Ano 2017: 131.812,30 euros.
- Ano 2018: 131.812,30 euros.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia porá a disposición do Ministerio de Fomento os terreos da súa titularidade que sexan necesarios para a execución das obras.

A disposición previa dos terreos será requisito necesario para que o Ministerio de Fomento inicie os trámites de licitación das obras.

O proxecto construtivo deberá ser redactado pola Xunta de Galicia e aprobado polo Ministerio de Fomento, coa conformidade previa ao mesmo da sociedade



concesionaria da autoestrada AP-9. Igualmente deberá aprobarse polo Ministerio de Fomento o estudo de tráfico previsto no artigo 36.9 da Lei 37/2015, de Estradas.

Se a sociedade concesionaria no prestara a conformidade ao proxecto construtivo no prazo de tres meses dende que lle sexa remitido, este convenio quedará sen efecto, salvo que o Ministerio de Fomento opte por conceder unha ampliación de dito prazo e sen prexuízo de que, no exercicio das prerrogativas que legalmente lle corresponden, a Administración concedente poida dispoñer a execución da obra mediante unha modificación da concesión.

Dado que Autopistas del Atlántico está executando as obras de ampliación de capacidade definidas no proxecto titulado “Ampliación de capacidade da autoestrada AP-9. Tramo: Santiago norte-Santiago sur. Clave: 98-LC-9904” a que se refire o convenio aprobado por Real Decreto 1733/2011, de 18 de novembro, o proxecto das obras do novo enlace deberá ser compatible coas mencionadas obras de ampliación de capacidade. Entenderase cumprido este requisito si a concesionaria presta a súa conformidade a dito proxecto e as obras se executan con arranxo ao previsto nel.

A acta de recepción das obras terá a todos os efectos o de cesión ao Ministerio de Fomento dos terreos postos a disposición pola Axencia Galega de Infraestruturas e pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia para a execución de aquelas.

Segunda.- Integración do novo enlace na concesión.

A Administración General del Estado porá a disposición de Autopistas del Atlántico, unha vez finalizada a súa construción, a totalidade do novo enlace, que quedará integrado na concesión administrativa da que dita sociedade é titular.

O importe das obras correspondentes ao novo enlace non computará aos efectos de responsabilidade patrimonial da Administración

Terceira.- Conservación e explotación do novo enlace.

Autopistas del Atlántico conservará e explotará o novo enlace durante o período que lle resta de concesión. O maior custe da conservación do novo enlace considerarase no sistema de compensación establecido na cláusula sexta do convenio aprobado por Real Decreto 1733/2011, de 18 de novembro, mediante a aplicación de igual criterio, que se concreta nun incremento do custo anual de conservación do 1,4 por 100 do custe das obras para o primeiro ano da posta en servizo, por considerarse que esta porcentaxe é o custe medio de conservación do enlace en relación ao custe de execución. Para anos sucesivos actualizarase de acordo á fórmula 155, rehabilitación de firmes con mesturas bituminosas con preponderancia alta de materiais bituminosos



(incluíndo barreiras e sinalización) proposta no Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro.

$$K_i = 0,34 \cdot B_i/B_0 + 0,04 \cdot C_i/C_0 + 0,13 \cdot E_i/E_0 + 0,02 \cdot Q_i/Q_0 + 0,15 \cdot R_i/R_0 + 0,02 \cdot S_i/S_0 + 0,3$$

Sendo: B:materiais bituminosos, C:cemento, E:enerxía, Q:productos químicos, R:áridos e rochas e S:materiais siderúrxicos.

Cuarta.- Utilización e réxime de circulación do novo enlace.

Por estar comprendido o novo enlace dentro do tramo: Santiago norte-Santiago sur da autoestrada, o réxime de circulación para os que o utilicen será o establecido no artigo 3 del Real Decreto 399/1985, de 6 de marzo, e por tanto será libre de peaxe exclusivamente para os usuarios cuxos percorridos sexan totalmente internos al tramo.

Por tanto, os usuarios que accedan ou abandonen a autoestrada polo novo enlace non terán tampouco que aboar peaxe si percorren exclusivamente parte do citado tramo Santiago norte-Santiago sur. A construción do novo enlace non producirá desequilibrio económico financeiro á concesionaria coa excepción do custe de conservación do enlace cuxa compensación xa se considera no convenio.

Quinta.- Seguimento e control do convenio

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do Ministerio de Fomento, un representante da Axencia Galega de Infraestruturas, un representante da Fundación Cidade da Cultura de Galicia e un representante de Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A. as súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido das cláusulas primeira e segunda do presente convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio en relación co contido das cláusulas primeira e segunda.



Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

Sexta.- Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigacións e demais actuacións contidas no presente convenio se rexerán polo establecido nas súas cláusulas.

Sétima.- Modificacións do convenio

As modificacións formalizaranse mediante *addenda* cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio, salvo aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación, de acordo coa normativa de contratos administrativos.

Oitava.- Resolución

Serán causas de extinción deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- A imposibilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos no convenio por calquera das partes.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- O acordo unánime das persoas que o asinan.

Cada unha das situacións descritas por si sola é causa suficiente de rescisión do convenio.

Novena.- Publicidade

De conformidade co establecido no artigo 8.1 b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 15 da lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestruturas fará pública a información prevista en materia de transparencia, constituíndo a sinatura deste convenio a autorización necesaria para a publicación dos datos relativos a aquel.



Décima.- Vixencia do convenio

Este convenio terá efectos a partir do día que entre en vigor o real decreto que o aprobe e ata o final do período concesional (18 de agosto de 2048), sen prexuízo das prórrogas que se poidan acordar en virtude da normativa vixente.

E, para su constancia e en proba de conformidade, asinan o presente convenio, de acordo coa normativa que rexe a concesión e suxeito, previo cumprimento dos trámites preceptivos, á aprobación do Goberno da Nación, no lugar e data indicados no seu encabezamento.

Pola Administración General del
Estado

Pola Consllería de Infraestruturas e
Vivenda e a Axencia Galega de
Infraestruturas

Rafael Catalá Polo

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Pola Fundación Cidade da Cultura de
Galicia

Por Autopistas del Atlántico,
Concesionaria Española, S.A.

Beatriz González Loroño

Juan Carlos López Verdejo